



## UNIDADE DIDÁCTICA

SHEYLA FARIÑA MELA CASAL NEVES RODRÍGUEZ RAQUEL CRESPO

# CAÍDAS

DIRIXIDO POR MARIÁN BAÑOBRE

CON DRAMATURXÍA DE SANTIAGO CORTEGOSO E MARIÁN BAÑOBRE

A PARTIR DA OBRA *CAÍDAS. ACHEGAMENTO AO PATRONATO DE PROTECCIÓN DE LA MUJER* DE MONTSE FAJARDO ORIXINALMENTE EDITADA EN 2024 POLO CONCELLO DE SANTIAGO E A USC, E OUTRA DOCUMENTACIÓN

VESTIARIO RAQUEL CRESPO MOVIMENTO MARTA ALONSO CARACTERIZACIÓN BAIA FERNÁNDEZ VÍDEOS ALEX SAMPAYO  
ILUMINACIÓN E ESCENOGRAFÍA LAURA ITURRALDE ESPAZO SONORO DAVIDE AXTE DIRECCIÓN TONI SALGADO  
PRODUCCIÓN GUILLERMO CARBAJO E ALEX SAMPAYO DIRECCIÓN MARIÁN BAÑOBRE

# INTRODUCCIÓN

**Caídas** é un espectáculo teatral da compañía Redrum Teatro dirixido por Marián Bañobre e protagonizado por Mela Casal, Neves Rodríguez, Sheyla Fariña e Raquel Crespo.

Toma como punto de partida o ensaio *Caídas. Achegamento ao Patronato de Protección a la Mujer en Galicia*, da xornalista Montse Fajardo. O espectáculo pon o foco sobre unha das institucións máis escuras e descoñecidas do franquismo: o Patronato de Protección a la Mujer (1941-1985), documentando a realidade de miles de mulleres que, sen teren cometido delito ningún, foron privadas de liberdade baixo o pretexto da súa protección e reeducación moral.

O Patronato de Protección a la Mujer foi un organismo dependente do Ministerio de Xustiza español que funcionou entre 1941 e 1985. Creado durante a ditadura franquista, tiña como obxectivo oficial "a moralización das mulleres", pero na práctica actuou como un sistema de peche e control social sobre mozas adolescentes e mulleres novas.

## COMO FUNCIONABA NA PRÁCTICA?

- **Internamento sen delito:** Non facía falla cometer ningún delito. Unha moza podía ser pechada por denuncia do seu pai, da policía, do cura ou dun veciño por "fuxir da casa", "falar con rapaces", ser nai solteira, vestir de xeito considerado "inadecuado", ou mesmo ser vítima de abusos no propio fogar.
- **Xestión relixiosa e illamento:** Os centros eran rexentados por ordes relixiosas. As mozas sufrían illamento, censura de cartas, traballos non pagados (costura, limpeza) e continuas charlas morais para "endereitarse".
- **Roubo de bebés e traballos forzados:** En moitos casos, ás nais solteiras quitábenselles as crianzas nada máis nacer para darlles a familias "morais".
- **Pervivencia na democracia:** Aínda que a ditadura franquista acaba coa morte de Franco en 1975, o Patronato non se dissolveu ata 1985.




## OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS

### XERAIS

1. Desenvolver a conciencia histórica e a memoria democrática.
2. Fomentar o pensamento crítico sobre a violencia de xénero e as súas formas institucionais.
3. Promover os valores de igualdade, dereitos humanos e autonomía sexual e reprodutiva.

### ESPECÍFICOS

1. **Memoria Histórica e Violencia Institucional:** Coñecer o funcionamento do Patronato de Protección a la Mujer (1941-1985)
2. **Igualdade e Violencia de Xénero:** Establecer paralelas entre o control moral do pasado e as formas actuais de vixilancia e estigmatización dos corpos femininos.



## ACTIVIDADES

### ACTIVIDADE 1 - O TEST DA EMPATÍA

A docente lanza as seguintes tres preguntas para debater en grupo.

**A - A ollada directa:** "En TikTok ou nas noticias vemos moitas inxustizas, pero pasamos rápido o dedo. Ao ver ás actrices en vivo interpretando ás mozas do Patronato, sentiades a mesma distancia ou pareceu máis real? Por que?"

**B - Poñerse na súa pel:** "Se unha das rapazas da obra fose hoxe á túa clase e che contase a súa historia no Patronato, que pensarias dela? Sentíchedes dor, rabia ou pena ao ver o que lle facían?"


**C - O valor do silencio:** "No teatro hai silencios longos por parte das protagonistas. Que sentiches nese momento de silencio que non sentes nun vídeo de 15 segundos?"

### ACTIVIDADE 2 - QUE FARÍAS TI?

**A -** A docente expón ao grupo algúns casos reais de rapazas que foron recluídas no Patronato, por exemplo una nai solteira de 16 anos, unha moza a que lle gustaba saír de festa, unha homosexual, ou unha que se bicou cun mozo nunha sala de cine. En pequenos grupos, debater sobre o que farían se estivesen nesa situación.

**B -** Reflexión sobre a situación destas rapazas facendo as seguintes preguntas:

- Coñecemos a algunha muller que fose adolescente entre 1941 e 1985?
- Que lles pasaba a estas rapazas no Patronato?
- Que pasaría agora? Que servizos temos á nosa disposición?
- Seguimos xulgando ás rapazas polo seu comportamento?



### ACTIVIDADE 3 - O MURO DOS PREXUÍZOS

**A** - Repártense dous post-it a cada unha das participantes. Deberán escribir no primeiro algo polo que se criticaba a unha muller durante a ditadura franquista e no segundo algo polo que se critica a unha muller hoxe en día.

**B** - Divídese un encerado en dous bloques, a ditadura e a actualidade. Tras mesturar os papeis, vanse abrindo de un en un. Entre todas decidírase en que bloque habería que pegalo.

**C** - Análise e debate en grupo: seguimos xulgando ás rapazas aínda que sexa dun xeito diferente? Xulgamos aos rapaces polas mesmas cousas?

### ACTIVIDADE 4 - O FÍO DA MEMORIA

**A** - O alumnado senta nun círculo no chan ou coas cadeiras. O/a docente comeza sostendo un nobelo de la e lanzando unha pregunta: "*Qué liberdade ou dereito tes hoxe que a túa avoa ou bisavoa non tiña aos 15 anos?*" (Exemplos: viaxar soa, ter conta bancaria propia, vestir con pantalóns, ir á universidade, decidir non casar...).

**B** - Cada estudante que responde agarra un cachiño do fío e lánzalle o nobelo a outra persoa creando unha rede tecida entre todas no centro do círculo.

**C** - Ao rematar, reflexiónase sobre como os dereitos actuais non caeron do ceo, senón que son o resultado da resistencia e a "caída" de moitas mulleres que nos precederon.



## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### COMPRENSIÓN HISTÓRICA

Comprender de forma sinxela que foi o Patronato de Protección a la Mujer e por que se considera unha forma de inxustiza ou violencia institucional.

### REFLEXIÓN SOBRE A IGUALDADE

Identificar condutas de machismo, acoso ou xuízo social tanto no pasado como na actualidade.

### EMPATÍA E TRABALLO EN EQUIPO

Amosar respecto polas historias das vítimas e colaborar de forma activa nas actividades propostas.

